

**Expediente:2023056788**

**ASUNTO: PROPOSTA DE SUPLEMENTACIÓN DE CRÉDITO**

Sendo necesario complementar as aplicacións orzamentarias destinadas a persoal laboral temporal para o pago das cantidades que derivan da execución de sentenzas xudiciais, PROPONSE a tramitación da seguinte suplementación de crédito, ao abeiro do establecido no artigo 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución do Orzamento Provincial:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
921-9200-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL_RRHH (Indemnizacións por execución de sentenzas de contratacións de persoal "Bolseiros e outros")	330.000,00 €
921-9200-160.01	COTAS SOCIAIS, PERSOALLABORAL RRHH (Indemnizacións por execución de sentenzas de contratacións de persoal "Bolseiros e outros")	100.000,00 €
931-0110-352.01	XUROS DE DEMORA, OBRIGAS NON FINANCEIRAS INTERVENCIÓN (Indemnizacións por execución de sentenzas de contratacións de persoal "Bolseiros e outros")	100.000,00 €

*Asinado dixitalmente á marxe*



MCC/ypp

Nº expediente: 2023056788

## INFORME – PROPOSTA

**ASUNTO: SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA E CREACIÓN DE APLICACIÓN ORZAMENTARIAS DO SERVIZO DE PROMOCIÓN DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA A MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.**

Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local INFORMA:

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece o “Erasmus+”, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

**SEGUNDO.-** O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

- Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.
- Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (ErasmusPro), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.
- Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.
- Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera outro país do programa Erasmus+.

**TERCEIRO.-** O 21 de xullo de 2023 a Dirección do *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) emitiu a resolución definitiva (CSV: GEN-3f6c-5974-881a-208e-4447-a41c-4f1a-3a65) pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.



**CUARTO.-** En consecuencia a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11 de agosto de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 2.32891.- APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO PRESENTADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2023 DO PROGRAMA ERASMUS+. (Expte. 2023003512).

A través deste acordo aprobouse o proxecto concedido, a distribución do gasto cos importes que corresponden a esta Deputación Provincial dentro do total do proxecto, a súa xestión a través do módulo "proxecto de gastos" garantindo a existencia dunha contabilidade separada e a aprobación da xeración de crédito polos importes da subvención, abrindo as aplicacións e conceptos necesarios para a súa xestión.

**QUINTO.-** Por outra banda, atendendo á cláusula 22.1 – *Pagos y modalidades de pago* do convenio de subvención suscrito entre a Deputación de Pontevedra e este organismo, establécese que o SEPIE realizará un primeiro pago de prefinanciación correspondente ao 80% da subvención, o cal ascende a 945.724,00€, no prazo de 30 días a partir da data na que a última das dúas partes asine o acordo de subvención. Este convenio xa foi asinado polo Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e estase agardando pola sinatura do SEPIE para a recepción dos fondos.

#### **NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, en relación ás atribucións do Presidente da Deputación Provincial.
- R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Demais normativa concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo programa Erasmus+ da UE atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.
- Convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, publicada no Diario Oficial da Unión Europea C444/16 do 23 de novembro de 2022.
- Guía do Programa Erasmus+ (*Erasmus+ Programme Guide*).



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

**PRIMEIRO.-** Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2023, atendendo ao artigo 181 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberanse realizar as operacións de xeración de crédito para este exercicio polo importe da subvención concedida polo SEPIE e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito co fin de que a Deputación de Pontevedra se comprometa ao financiamento do importe que figura na resolución de concesión, así como as necesidades de xestión do dito proxecto, dando conta dos tipos de gastos que se inclúen así como dos importes atendendo á apertura das correspondentes aplicacións orzamentarias.

**SEGUNDO.-** Para os exercicios 2024 e 2025, no caso de solicitar a ampliación ata tal ano, deberanse incluír nos orzamentos provinciais os importes que correspondan, tanto nas aplicacións orzamentarias de gastos como nos conceptos de ingresos, que recollan, respectivamente os créditos e o cofinanciamento, dentro do proxecto de gastos específico.

**TERCEIRO.-** Ante a necesidade de darlle cobertura á contía que se debe asumir con fondos propios por esta Deputación provincial co fin de poder desenvolver eventualmente o referido proxecto e, non existindo consignación no estado de gastos do orzamento corrente, é preciso realizar unha modificación de crédito por parte do Pleno da institución provincial ao abeiro do establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e segundo o disposto nas Bases de Execución do Orzamento Provincial.

O reparto das aportacións do proxecto por tipo de financiamento distribuirase en función dos seguintes cadros:

PROXECTO ERASMUS+ 2023				
(Porcentaxe)	80%	10%	10%	100%
ANUALIDADE	2023	2024	2025	TOTAL
ACHEGA SEPIE	945.724,00€	118.215,50€	118.215,50€	<b>1.182.155,00€</b>
FONDOS PROPIOS DEPUTACIÓN	160.000,00€	20.000,00€	20.000,00€	<b>200.000,00€</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.105.724,00€</b>	<b>138.215,50€</b>	<b>138.215,50€</b>	<b>1.382.155,00€</b>

PROXECTO ERASMUS+ 2023			
CONCEPTO	SEPIE	DEPUTACIÓN	TOTAL
BOLSAS	1.182.155,00€	-	1.182.155,00€
SEGUROS	-	22.323,69€	22.323,69€
CONTRATACIÓNS	-	40.000,00€	40.000,00€
APOIO LINGÜÍSTICO	-	16.418,06€	16.418,06€
MANUAIS, FOLLETOS	-	5.073,57€	5.073,57€
DIFUSIÓN	-	2.536,78€	2.536,78€
PERSOAL	-	113.647,90€	113.647,90€
<b>TOTAL</b>	<b>1.182.155,00€</b>	<b>200.000,00€</b>	<b>1.382.155,00€</b>



En consecuencia, á vista do anteriormente exposto, solicítase crédito extraordinario polo importe total de 160.000,00€ para as seguintes aplicacións orzamentarias:

TIPO MODIF.	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
CE	240.2429.120.51	Soldo func. interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	29.112,05 €
CE	240.2429.120.52	Trienios func. interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.891,10 €
CE	240.2429.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	6.309,73 €
CE	240.2429.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	627,34 €
CE	240.2429.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.547,44 €
CE	240.2429.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.547,44 €
CE	240.2429.160.00	Seguridade Social (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	10.090,94 €
CE	240.2429.224.03	Primas de seguros (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	17.858,95 €
CE	240.2429.226.02	Publicidade e propaganda (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.029,42 €
CE	240.2429.226.99	Outros gastos diversos (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	4.058,86 €
CE	240.2429.227.06	Estudios e traballos técnicos (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	45.134,44 €
CE	240.2429.230.20	Axudas de custo (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.272,85 €
CE	240.2429.231.20	Locomoción (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.518,44 €
CE	240.2429.481.01	Axudas, becas e pensións alumnos e profesorado (Practicum Depo 2023) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>160.000,00 €</b>

Este financiamento propio está condicionado á aprobación por parte do Pleno da presente modificación de crédito.

En base ao anterior, EMÍTESE o presente informe aos efectos oportunos.

*Documento asinado dixitalmente á marxe.*

**INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE.-**



MCC

## INFORME-PROPOSTA

**ASUNTO: SOLICITUDE DE APERTURA DO PROXECTO DE GASTOS E MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA O PROXECTO "DA TÚA MAN" (RURAL II) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU (ORDE ICT/950/2021, DO 10 DE SETEMBRO - BOE NÚM. 218 DO 11 DE SETEMBRO DE 2021 -, MODIFICADA POLA ORDE ICT/566/2022 DO 15 DE XUÑO - BOE NÚM. 148 DO 22 DE XUÑO DE 2022) (Nº EXPEDIENTE: 2022049323)**

Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, INFORMA:

**PRIMEIRO.-** A Deputación de Pontevedra en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ten como un dos principais obxectivos en materia de comercio, o desenvolvemento de mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio, xerando así unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia e, especialmente, tendo en conta que en tempos de pandemia e confinamento, os comercios de proximidade estiveron pechados ou sufrindo importantes restricións de aforo o que provocou perdas económicas irrecuperables e fai necesario que desde a administración vélese pola reactivación eficaz da promoción económica local e, por outra banda, supuxo un impulso para que moitos iniciasen a súa transformación dixital. A recuperación do comercio de proximidade non debe centrarse unicamente en medidas orientadas aos comerciantes xa que tamén é esencial a implicación e sensibilización dos membros dunha mesma comunidade na recuperación deses negocios, debido a que este sector axuda ao mantemento da economía local, ao fomento da empatía e a solidariedade. En definitiva, crea sociedades máis fortes e cohesionadas, con maior capacidade para actuar.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 ca finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia prestando especial atención ao produto e comercio local. Dito Plan centrouse en tres tipos de actuacións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente o comercio e hostalaría), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e reparto de material publicitario nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

A execución deste plan pon sobre a mesa a necesidade de reforzar e actuar de modo específico nos municipios de menos de 5.000 habitantes onde factores como a dispersión xeográfica, a falta de relevo xeracional no pequeno comercio ou a brecha dixital fan necesario realizar unha actuación marco de cara a dar resposta ás necesidades específicas deste sector neses municipios seguindo os retos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España. E, por iso, tendo en conta as convocatorias publicadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra desenvolveu o proxecto "Da túa man" dirixido a municipios de menos de 5.000 habitantes.

Este proxecto non xorde de modo illado, senón como actuación complementaria á labor emprendida de apoio ao comercio local pola Deputación de Pontevedra que, seguindo o PRTR, deseñou outros dous proxectos, Commerce Inside en zonas turísticas e Da túa man cunha liña para municipios entre 5.000 e 15.000 habitantes, que foron aprobados na convocatoria de 2021 de apoio ao comercio polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e actualmente están implementándose e Da túa man destinado a municipios de menos de 5.000 habitantes aprobado na convocatoria de 2022.





**SEGUNDO.-** O 14 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 62 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio de 10 de marzo de 2023, pola que se convoca para o ano 2023 a liña de axudas par ao apoio da actividade comercial en zonas rurais cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, do 10 de setembro (BOE núm. 218 do 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 do 15 de xuño (BOE núm. 148 do 22 de xuño de 2022) e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro (BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse no investimento 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á PEME, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.

**TERCEIRO.-** En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da Túa Man” á convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: Visibilizar e modernizar ao pequeno comercio local adaptándoo aos novos hábitos de consumo a través da implementación e uso das novas tecnoloxías e o desenvolvemento de prácticas que promovan a economía circular (redución na creación de residuos, promoción da reciclaxe e reutilización dos residuos) así como unha mellora no acondicionamento dos espazos que sirva para ofrecer un servizo óptimo á poboación local e de foco de atracción de visitantes.

Así mesmo, preténdese crear vínculos en toda a cadea de valor do comercio local e do produto de km 0 para impulsar unha estratexia común implicando ás comunidades locais e da man dos Concellos e a Deputación de Pontevedra aproveitando as potencialidades e recursos endóxenos (produtos locais, culturais e turísticos) destes termos municipais para favorecer a empregabilidade e permanencia dos veciños no territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: Desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 30 de xuño de 2024 para a execución e pago e ata o 30 de setembro de 2024 para a xustificación.

Ámbito de actuación do proxecto: Os municipios de A Guarda, A Illa de Arousa, Catoira, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Moraña, Oia, Pazos de Borbén, Portas e Vilaboa.

Actuacións:

Concepto	Actuación
Transformación dixital	Campañas de comunicación e promoción en soportes dixitais
Transformación do punto de venda	Adaptación da accesibilidade á contorna comercial
Sustentabilidade e economía circular	Promoción de <i>packaging</i> sostible
	Instalación de illas ecolóxicas e actuacións de economía circular
	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais
Cadea de subministración e rastrexabilidade	Rede de comercio retalista, produtores locais e provedores
Sensibilización e formación	Sensibilización e formación teórica e practica de habilidades e uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio
	Sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular
Outros gastos subvencionables	Sinalética integrada



Financiamento: 100% o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Orzamento financiable: 500.000 euros.

Subvención proposta: 500.000 euros.

**CUARTO.-** O 27 de xullo de 2023 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a proposta de resolución provisional de concesión da citada axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto "Da Túa Man" cun orzamento financiable por un importe de 500.000,00 € e cunha subvención proposta por importe de 500.000,00 euros.

A desagregación por conceptos do orzamento financiable así como a distribución da achega é a seguinte:

Conceptos financiables	Desagregación	Presuposto financiable con IVE(€)	IVE (€)	Orzamento financiable sen IVE (€)
Transformación dixital	Campañas de comunicación e promoción en soportes dixitais	30.000,00	6.300,00	36.300,00
<b>Subtotal</b>		<b>30.000,00</b>	<b>6.300,00</b>	<b>36.300,00</b>
Transformación do punto de venda	Adaptación da accesibilidade á contorna comercial	79.308,10	16.654,70	95.962,80
<b>Subtotal</b>		<b>79.308,10</b>	<b>16.654,70</b>	<b>95.962,80</b>
Sustentabilidade e economía circular	Promoción de <i>packaging</i> sostible	24.200,00	5.082,00	29.282,00
	Instalación de illas ecolóxicas e actuacións de economía circular	119.900,00	25.179,00	145.079,00
	Dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais	49.000,00	10.290,00	59.290,00
<b>Subtotal</b>		<b>193.100,00</b>	<b>40.551,00</b>	<b>233.651,00</b>
Cadea de subministración e rastrexabilidade	Rede de comercio retalista, produtores locais e provedores	68.715,04	14.430,16	83.145,20
<b>Subtotal</b>		<b>68.715,04</b>	<b>14.430,16</b>	<b>83.145,20</b>
Sensibilización e formación	Sensibilización e formación teórica e practica de habilidades e uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio	3.000,00	630,00	3.630,00
	Sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular	600,00	126,00	726,00
<b>Subtotal</b>		<b>3.600,00</b>	<b>756,00</b>	<b>4.356,00</b>
Outros gastos subvencionables	Sinalética integrada	38.500,00	8.085,00	46.585,00
<b>Subtotal</b>		<b>38.500,00</b>	<b>8.085,00</b>	<b>46.585,00</b>
<b>TOTAL</b>		<b>413.223,14</b>	<b>86.776,86</b>	<b>500.000,00</b>

Distribución da achega	Orzamento financiable (€)	Subvención proposta (€)
Aportación Ministerio (100% do orzamento financiable)	500.000,00 €	500.000,00 €
Aportación Deputación de Pontevedra (precisarase facer unha achega de fondos propios para a xestión do proxecto que se procederá a súa tramitación posteriormente)		





**QUINTO.-** O punto segundo da devandita resolución establece que o apoio financeiro queda suxeito, entre outros, ás seguintes condicións xerais:

"(...) a) *Realización de inversiones y gastos.* - Las inversiones y gastos financiados previstos deberán realizarse en el plazo comprendido entre el 1 de enero de 2023 y el 30 de junio de 2024.

b) *Reglas aplicables a los conceptos de gasto financiable.* - Las inversiones y gastos financiados previstos deberán cumplir las condiciones establecidas en el artículo 8 de la Orden ICT 185/2023, de 22 de febrero.

c) *Justificación.* - La justificación de las actividades financiadas se realizará de acuerdo con lo establecido en el artículo 20 de la Orden ICT185/2023, de 22 de febrero (...)", estableciendo el punto decimocuarto de la convocatoria "(...) un plazo de tres meses desde la finalización de las actuaciones subvencionadas, de acuerdo con el cronograma presentado en la solicitud, para presentar la justificación de los gastos realizados y, en todo caso, antes del 30 de septiembre de 2024."

**SEXTO.-** Con data 8 de agosto de 2023 recíbese correo electrónico da Subdirección de Fondos Europeos que literalmente di: "El pasado día 26 de julio de 2023 se les notificó la resolución provisional de la Convocatoria de 2023 de la línea de **Ayudas para el apoyo de la actividad comercial en zonas rurales** en la que su entidad local ha sido propuesta como beneficiaria. Debido a que esta última convocatoria de ayudas tiene un periodo de ejecución muy corto (en el que los gastos y las inversiones deberán realizarse en el plazo comprendido entre el 1 de enero de 2023 y el 30 de junio de 2024) y ante la posibilidad de que una demora en la publicación de la resolución definitiva de concesión y en el pago de la subvención puedan retrasar del comienzo de la ejecución del proyecto, desde la FEMP, recomendamos que, aunque la propuesta de resolución provisional no crea derecho alguno a favor del beneficiario propuesto frente a la Administración, **se inicien las gestiones tales como la redacción y preparación de pliegos del proyecto** para todos aquellos casos en los que se vayan a subcontratar las actuaciones aprobadas en la resolución de concesión definitiva que se emita.

Así mismo, les recordamos que la propuesta de resolución provisional no crea derecho alguno a favor del beneficiario propuesto frente a la Administración, y, reiteramos una vez más, nuestra recomendación de dar comienzo aquellas actividades que puedan demorar la ejecución del proyecto tales como la redacción y preparación de los pliegos necesarios para las subcontrataciones contempladas en el artículo 6 de las Bases Regulatorias de la subvención, siendo el objetivo de este correo agilizar ejecución de los proyectos una vez publicada la resolución definitiva".

**SÉTIMO.-** Tendo en conta o anterior e o sinalado anteriormente respecto das condicións económicas e prazos do proxecto Da Túa Man, resulta necesario realizar as operacións de xeración de crédito para este exercicio e, por parte do financiamento propio, realizar as correspondentes operacións de modificación de crédito no seguinte Pleno á data da resolución definitiva ou de concesión co fin de que a Deputación de Pontevedra cubras as necesidades de xestión do devandito proxecto así como a aprobación do proxecto polo órgano competente. Todo isto atendendo aos fitos e obxectivos marcados na convocatoria e na memoria do proxecto presentada, de acordo aos cales o **dito proxecto debe executarse con celeridade para polo menos executar ata o 30/06/2024 os requisitos sinalados en el art. 25.2 b** da Orden ICT/950/2021, de 10 de setembro e as súas modificacións: "(...) b) **A los efectos de lo dispuesto en los apartados anteriores se considerará incumplimiento total el equivalente a un porcentaje inferior al 60 por ciento de realización de la inversión financiable, y cumplimiento aproximado de modo significativo al total el equivalente a un 60 por ciento o superior(...).**"



**OITAVO.-** Non obstante, tendo en conta o **prazo de execución e pago que é o 30/06/2024** e o **comunicado recibido pola Subdirección de Fondos Europeos** anteriormente citado literalmente, compre axilizar as necesidades de orzamento para levar a cabo "(...) *las gestiones tales como la redacción y preparación de pliegos del proyecto (...)*" e ante estes prazos reducidos polo menos intentar executar, aínda que non se garante, o 60 por cento ou superior para non incorrer en incumprimento total.

En concreto, é necesario e urxente levar a cabo as xestións previas para as actuacións de adaptación da accesibilidade á contorna comercial e sinalética integrada que require realizar as correspondentes memorias técnicas en cada un proxectos. Ao respecto existe o contrato marco para a contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con Fondos Europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (exp. 2022036341) cuxo lote 2 se atopa adxudicado e formalizado. De acordo ao mesmo, e tendo en conta o importe das actuacións a levar a cabo precísase dun importe de 10.164,00 €. Para axilizar a tramitación estes traballos serán asumidos con fondos propios.

**NOVENO.-** Para facer fronte a esta contratación, cuxa adxudicación queda condicionada á aprobación do correspondente expediente de modificación de crédito, é necesario que se dote correctamente con financiamento suficiente a aplicación orzamentaria de fondos propios 23/240.4316.652.99 do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local pola contía de 10.164,00 €, que serán financiados con créditos extraordinarios.

Ante a necesidade de darlle cobertura á contía que se debe asumir con fondos propios por esta Deputación provincial e co fin de poder desenvolver eventualmente o referido proxecto é preciso realizar unha modificación de crédito por parte do Pleno da institución provincial ao abeiro do establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e segundo o disposto nas Bases de Execución do Orzamento Provincial.

O miúdo da modificación é o seguinte:

#### Aplicación que minora crédito

TIPO MODIF.	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
BA	240.2410.640.00	ACTIVOS INTANXIBLES. CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b>	-10.164,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>-10.164,00 €</b>

#### Aplicación que necesita incrementar crédito

TIPO MODIF.	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
CE	240.4316.652.99	INVESTIMENTOS PARA CONCELLOS_(PROX.: 92310006 DA TÚA MAN RURAL II) <b>PROMOCIÓN DE EMPREGO</b>	10.164,00€
		<b>TOTAL</b>	<b>10.164,00 €</b>

En base ao anterior, EMÍTESE o presente informe aos efectos oportunos.

*Documento asinado dixitalmente á marxe*

**INTERVENCIÓN (ORZAMENTOS).-**



## PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Na próxima modificación de crédito, no servizo de Deportes, é necesario realizar a seguinte modificación:

- Na aplicación 23/340.3410.226.09 (gastos diversos, actividades deportivas e xuvenís” incluir un incremento de 50.000,00 € para a tramitación das subvencións en especies (adquisición de trofeos, medallas...) aos clubs/entidades da provincia de Pontevedra) para a súa entrega en torneos e campionatos.

*Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.*



<b>Nº EXP</b>	<b>2023056788</b>
<b>ASUNTO</b>	PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA A MELLORA DA ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
<b>TRAMITE</b>	Informe proposta

A Deputación de Pontevedra é titular das construcións da Cidade Infantil Príncipe Felipe, sita na Avda. Montecelo en Pontevedra. O dito centro está configurado sobre unha parcela total de 149.938 m<sup>2</sup>, e, entre as edificacións e instalacións que forman parte do dito recinto se atopa o Campo de Fútbol.

A instalación deportiva do Campo de Fútbol precisa dunha mellora urxente no referente a súa iluminación, polo que, a Dirección do Centro expón a necesidade de efectuar o devandito gasto o cal non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito na correspondente aplicación orzamentaria.

En consecuencia, á vista do anteriormente exposto, PROPONSE a tramitación da seguinte suplementación de crédito, ao abeiro do establecido no artigo 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución do Orzamento Provincial:

TIPO MODIF.	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Crédito extraordinario	232-3420-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _C.PRINCIPE FELIPE (Mellora iluminación de instalacións deportivas, campo de fútbol)	100.000,00€

O que se informa ós efectos oportunos.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.  
Asinase por ausencia da xefa de xestión.

Firmado por: MARIA CRUZ FARTO JUSTO. \*\*\*8016\*\*  
Cargo: Técnica de administración xeral  
Data: 05/09/2023 13:10

## INTERVENCIÓN.-



MPN

**ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2023 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.**

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

**1.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO NAS APLICACIÓNS CORRESPONDENTES DOS CENTROS XESTORES PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO MOVES III.**

Mediante a Resolución Presidencial número RP2022005305, de data 21/07/2022, aprobouse a presentación das solicitudes de axudas baixo o proxecto denominado “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emprazamentos da Deputación de Pontevedra”, ao amparo do programa MOVES III” do “Programa de incentivos 2: Implantación de infraestruturas de recarga, regulado na Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III).

En data 21/07/2022 preséntanse ante o INEGA as 9 solicitudes de axuda para “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emprazamentos da Deputación de Pontevedra. Tras a súa avaliación, a Xerente do INEGA emite varias Resolucións nas que se estiman favorablemente as solicitudes, e concédense as subvencións no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, aos proxectos e polos importes que se identifican na seguinte táboa:

<b>Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emprazamentos da Deputación de Pontevedra - Programa Moves III</b>						
<b>Código expediente</b>	<b>Nome proxecto</b>	<b>Data concesión</b>	<b>Rexistro entrada</b>	<b>Investimento elixible (100%)</b>	<b>Axuda INEGA (NGEU)</b>	<b>Aportación Deputación (fondos propios)</b>
<b>IN421R-3527</b>	1 - Centro Príncipe Felipe	08/05/2023	2023011013	69.744,40€	48.821,08€	20.923,32€



<b>IN421R-3530</b>	2 - Museo Pontevedra	20/04/2023	2023009060	11.571,23€	8.099,86 €	3.471,37€
<b>IN421R-3532</b>	3 - EFAreiro	24/05/2023	2023012160	62.611,45€	43.828,01€	18.783,44€
<b>IN421R-3533</b>	4 - Vivero empresas Barro	24/05/2023	2023012159	38.834,95€	31.067,96€	7.766,99€
<b>IN421R-3534</b>	5 -Parque Maquinaria Barro	24/05/2023	2023012158	136.001,58€	108.801,26€	27.200,32€
<b>IN421R-3535</b>	6 - Sede Vigo	24/05/2023	2023012164	137.190,40€	96.033,28€	41.157,12€
<b>IN421R-3536</b>	7 - Castelo Soutomaio	24/05/2023	2023012163	34.872,20€	24.410,54€	10.461,66€
<b>IN421R-3538</b>	8 -Finca Mouriscade	24/05/2023	2023012161	34.872,20€	24.410,54€	10.461,66€
<b>IN421R-3539</b>	9 -Viveiro empresas Lalín	20/04/2023	2023009059	14.107,39 €	9.875,17 €	4.232,22 €
<b>TOTALES</b>				<b>539.805,80 €</b>	<b>395.347,70 €</b>	<b>144.458,10 €</b>

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 2 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 13.32714.- ACEPTACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA A IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS EN 9 EMPRAZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTES COS EXPEDIENTES INEGA IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 E IN421R-3539. Ademais, o cardo incluía, entre outros mandatos, o iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.

Polo tanto, ao quedar crédito dispoñible da anualidade 2023 por importe de 144.458,10 euros, debe tramitarse un suplemento de crédito nas aplicacións e los seguintes importes:





APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ C.P.FELIPE	20.923,32 €
333-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ MUSEO	3.471,37 €
413-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ E.F.AREEIRO	18.783,44 €
456-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)- INFRAESTRUTURAS	27.200,32 €
920-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ S. CENTRAL	41.157,12 €
433-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ TURISMO	10.461,66 €
410-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ M. AMBIENTE	10.461,66 €
942-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ COOPERACIÓN	11.999,21 €
	<b>TOTAL</b>	<b>144.458,10 €</b>

**2.- SUPLEMENTO DE CRÉDITO NA APLICACIÓN 942-4251-227.06 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, OFICINA PROMOCIÓN, (92300002 OFIC. APOIO C. ENERXÉTICAS) COOPERACIÓN, POLO IMPORTE CORRESPONDENTE AO IVE NON RECUPERABLE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO OFICINA DE PROMOCIÓN, ASESORAMENTO E APOIO ÁS COMUNIDADES ENERXÉTICAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.**

Mediante a Resolución Presidencial número RP2023000441, de data 20/01/2023, aprobouse, entre outras cuestións, a presentación da solicitude de axudas baixo o proxecto denominado "Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas dá Provincia de Pontevedra" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), dentro do seu Compoñente 7, Reforma 3, desenvolvemento das comunidades enerxéticas regulado pola "Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas). Nesta mesma Resolución presidencial, tamén se aproba o orzamento do proxecto para o que solicita a axuda, no que se especifica o importe de 86.578,80 euros correspondente ao IVE non repercutible, que a continuación se amosa:



"Oficina de Promoción, Asesoramento e Apoio as Comunidades Enerxéticas dá Provincia de Pontevedra"				
Custe total	Custe total subvencionable	Axuda Solicitada	Cofinanciación da Deputación	IVE non repercutible
746.978,80 €	660.400,00 €	495.744,47 €	164.655,54 €	86.578,80 €

En data 26/07/2023 recíbese comunicación sobre a publicación no portal web do IDAE da proposta de Resolución Provisional para a concesión de axudas en relación coa "Resolución do 18 de novembro de 2022 da Presidenta da E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se dá traslado e comunica á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), a Resolución do 10 de novembro de 2022 do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P., pola que se establece a primeira convocatoria do programa de incentivos para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE OFICINAS), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia"; onde a solicitude de axuda presentada pola Deputación de Pontevedra se cualifica como **admitida para a que se propón a concesión da axuda.**

Polo tanto, ao quedar crédito dispoñible da anualidade 2023 por importe de 86.578,80 euros euros, debe tramitarse un suplemento de crédito na aplicación 942-4251-227.06 Estudos e traballos técnicos, oficina promoción, (92300002\_OFIC. APOIO C. ENERXÉTICAS)\_ COOPERACIÓN polo importe de 86.578,80 €.

#### CONCLUSIÓNS:

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2023, determínase a necesidade de:

1. Liberar a cantidade de 144.458,10 euros para facer un suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias e polos importes que a continuación se reflexan na táboa:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ C.P.FELIPE	20.923,32 €
333-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ MUSEO	3.471,37 €
413-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ E.F.AREEIRO	18.783,44 €



456-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)- INFRAESTRUTURAS	27.200,32 €
920-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ S. CENTRAL	41.157,12 €
433-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ TURISMO	10.461,66 €
410-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ M. AMBIENTE	10.461,66 €
942-4250-623.02	INSTALACIÓNS DE RECARGA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS (92310004-"MOVES III)_ COOPERACIÓN	11.999,21 €
<b>TOTAL</b>		<b>144.458,10 €</b>

2. Liberar a cantidade de 86.578,80 euros para facer un suplemento de crédito na aplicación orzamentaria 942-4251-227.06 Estudos e traballos técnicos, oficina promoción, (92300002\_OFIC. APOIO C. ENERXÉTICAS)\_ COOPERACIÓN polo importe de 86.578,80 €.

### **3.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN DO CONCELLO DO GROVE CON CARGO AO IMPORTE SOBRENTE DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-9101 O GROVE-SAN VICENTE**

O 09 de xuño de 2022 asinouse un convenio co concello do Grove para a execución do Proxecto de Mellora da Seguridade Viaria na EP-9101 O Grove-San Vicente e a addenda en data 26 de maio de 2023 contra a aplicación 22/456.4530.612.02.2022.

Non obstante, a consecuencia da obtención dunha subvención da FEMP para o citado Proxecto de Mellora o importe achegado polo Concello con cargo ao Plan Concellos 2022 non se utilizou para o proxecto inicial citado, resultando un importe sobrente de 110.356,75 € que o concello poderá destinar a outras finalidades mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023, segundo se especifica no propio convenio.

Polo tanto, de acordo co anterior, o Concello do Grove solicita destinar o importe sobrente ás seguintes actuacións:



<b>CONCELLO DO GROVE</b>			
<b>Solicitudes para a aplicación do importe sobrante (non utilizado)</b>			
COMUNICACIÓN	05/09/2023	ABASTECIMIENTO ENTRE PORTO MELOXO E RÚA JAIME AMÉZAGA	39.850,00 €
COMUNICACIÓN	05/09/2023	REPARACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO EN TERRA DE PORTO, ENTRE HORTOS E RONS	38.027,30 €
COMUNICACIÓN	05/09/2023	AFORRO ENERXÉTICO	32.479,45 €
<b>TOTAL SOLICITADO</b>			<b>110.356,75 €</b>

En consecuencia, debe tramitarse o correspondente expediente de crédito extraordinario na aplicación 23/942.9420.762.25 que recollerá a subvención nominativa ao Concello do Grove polo importe e as actuacións descritas.

#### **4.- CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN DO CONCELLO DO ROSAL CON CARGO AO IMPORTE SOBRANTE DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOIÁN DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (CONCELLO DO ROSAL) ”**

O 12 de xullo de 2022 asinouse un convenio co concello do Rosal para a execución do Proxecto de Mellora da Mobilidade Peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal) e a addenda en data 03 de agosto de 2023 contra a aplicación 2023/456.4530.612.02.2022.

Non obstante, a consecuencia da obtención dunha subvención do IDAE para o citado Proxecto de Mellora da mobilidade o importe achegado polo Concello con cargo ao Plan Concellos 2022/2023 non foi utilizado na financiación deste proxecto, resultando un importe sobrante de 108.381,55 € que o concello poderá destinar a outras finalidades mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023, segundo se especifica na propia addenda.

Polo tanto, de acordo co anterior, o Concello do Rosal solicita destinar o importe sobrante a seguinte actuación:



<b>CONCELLO DO ROSAL</b>			
<b>Solicitudes para a aplicación do importe sobrante</b>			
WEB2023051195	01/09/2023	REFORMA INTERIOR DA ESCOLA UNITARIA DE FORNELOS PARA ESPAZO POLIVALENTE	108.381,55 €
TOTAL SOLICITADO			108.381,55 €

En consecuencia, debe tramitarse o correspondente expediente de crédito extraordinario na aplicación 23/942.9420.762.25 que recollerá a subvención nominativa ao Concello do Rosal polo importe e a actuación descrita.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Conforme:

A Xefa do Servizo de Cooperación  
*(documento asinado electronicamente)*

Marina Piñeiro Novo

O deputado delegado da Área de Cooperación

*(documento asinado electronicamente)*

José Carlos López Campos

**(documento asinado electronicamente)**

## INTERVENCIÓN



**EXP.: 38/2022**

**CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DA  
MOBILIDADE PEONIL NA EP3303 TABAGÓN – EIRAS. TREITO II  
REINVERSIÓN FONDOS**

ÁNXELA FERNÁNDEZ CALLÍS, en calidade de alcaldesa – presidenta do Concello do Rosal, provincia de Pontevedra, en relación coa 1ª Addenda do convenio deste concello coa Deputación de Pontevedra para a “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón Eiras. Treito II, comunico que o investimento no que se vai a reinvestir a cantidade de 108.381,55€ será “Reforma interior da escola unitaria de Fornelos para espazo polivalente”.

O Rosal, 1 de setembro de 2023

A alcaldesa

Ánxela Fernández Callís

Ánxela Fernández Callís (1 para 1)

Alcaldesa

Data de Sinatura: 01/09/2023

HASH: 8c6222a8891393087a056e34e5832ef9







## Concello do Grove

**Expediente nº:** 298/2022 (Convenio de colaboración) en relación co 3568/2021 (Plan Concellos 2022)

**Asunto:** Obras previstas no marco do Plan Concellos 2022-2023 por Addenda ao Convenio de Colaboración para execución do Proxecto de Mellora de Seguridade Viaria na EP-9101 O Grove-Igrexa San Vicente.

### COMUNICACIÓN

En relación coa petición da Deputación Provincial con respecto á Addenda do Convenio de Colaboración para a execución do Proxecto de Mellora da Seguridade Viaria na EP-9101 O Grove-San Vicente, DP P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550, COMUNICO:

Que o 5 de maio de 2023 foi remitida a este Concello, dende a Deputación Provincial, a 1ª Addenda ao Convenio de Colaboración para a execución do Proxecto de Mellora da Seguridade Viaria na EP-9101 O Grove-San Vicente, reformulando o financiamento inicial, polo que o importe (110.356,75 €) achegado polo Concello con cargo ao Plan Concellos 2022 non se utilizou para o proxecto inicial. Isto foi debido á subvención outorgada pola FEMP para o Proxecto de Mellora mencionado. Polo que se poderán destinar eses fondos a outras finalidades, mediante subvención nominativa, conforme ás normas do Plan Concellos 2022-2023.

Con base neste antecedente, PROPONSE o seguinte plan de obras:

- 1 - Abastecemento entre Porto Meloxo e rúa Jaime Amézaga: 39.850 €
- 2 - Reparación e substitución de rede de abastecemento en Terra de Porto, entre Hortos e Rons: 38.027,30 €
- 3 - Aforro Enerxético: 32.479,45 €

Documento asinado electronicamente

## Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.32845.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DO ROSAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS “MELLORADA MOBILIDADE PEONIL NA EP-3303, TABAGÓN-GOÍÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600, TREITO II (CONCELLO DO ROSAL)”. (Expte. 2022001426)

1. O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal formalizaron un convenio establecendo as bases de colaboración técnica e económica para a execución das obras de mellora da Mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goián, dende o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600, treito II, con vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Conforme a dito convenio as obras fináncianse do seguinte modo:

Organismo	Achega	%	Aplicación
Deputación de Pontevedra	636.697,70 €	80	22/456.4530.612.02.2021
Concello do Rosal	159.174,42 €	20	Plan Concellos 2022
Total	795.872,12 €	100	

2. O 16/05/2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAIE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión definitiva dunha subvención por un importe máximo de 541.907,75 €, para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



2ª A addenda ten por obxecto reformular o financiamento previsto no convenio como consecuencia da axuda ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos en de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a Primeira Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Rosal para a execución do proxecto “*de mellora da Mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*”.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

#### INTERVENEN

Dunha parte Luis López Diéguez, en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Concello do Rosal actuando en representación do Concello, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

#### EXPOÑEN

I.- O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello do Rosal asinaron un convenio cuxo obxecto é establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do *Proxecto de mellora da Mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II*).

II.- O 16/05/2023 o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) notificoulle á Deputación de Pontevedra a Resolución de concesión dunha subvención por un importe máximo de 541.907,75 € para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000).

III.-Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “*as sendas peonís e/ ou ciclables serán cofinanciadas ó 80 % pola Deputación e o 20 % por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.*”



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello Do Rosal para a execución do proxecto *de mellora da Mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goión dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello do Rosal)*, quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 2023/456.4530.612.02/2022 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada polo IDAE.

A achega do Concello do Rosal será de 50.792,87 € e finánciase con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2022.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Resolución do IDAE de concesión definitiva de axuda, notificada á Deputación o 19 de abril de 2023 e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

ORGANISMO	IMPORTE ACHEGA	FINANCIAMENTO	%	TOTAL
Deputación de Pontevedra	203.171,50 €	Aplicación 2023/456.4530.612.02/2022	25,53	203.171,50 €
Concello do Rosal	50.792,87 €	Plan Concellos da Deputación de Pontevedra 2022	6,38	50.792,87 €
IDAE	541.907,75 €	Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241	68,09	541.907,75 €
TOTAL INVESTIMENTO			100	795.872,12 €

O importe achegado no seu día polo Concello do Rosal procedente do Plan Concellos 2022/2023 e non utilizado na financiación deste proxecto debido á subvención do IDAE, 108.381,55 €, poderá destinarse a outra finalidade do Concello, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023.



De reaxustarse o importe da axuda concedida polo IDAE, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello do Rosal.

Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

SEGUNDO. As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente ás aplicacións orzamentarias.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

TERCEIRO.- Aínda que a obra se presupón finalizada o 31 de decembro de 2023, os efectos económicos do convenio estenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son de 36 meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

CUARTO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 12 de xullo de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.

O Presidente da Deputación de Pontevedra    A Alcaldesa do Concello do Rosal

D.Luis López Diéguez

D. Ánxela Fernández Callís

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra  
Carlos Cuadrado Romay

Segundo.- Facultar á Presidencia para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.



Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Rosal*, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.*

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.





PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO GROVE PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 2+550.

#### INTERVENEN

*Dunha parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, José Antonio Cacabelos Rico, alcalde do Concello do Grove no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario Xeral da Deputación de Pontevedra. As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I. O 9 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 2+550. Concello do Grove”, con vixencia conforme á súa cláusula novena ata o 31 de decembro de 2023.*

*Conforme ao convenio formalizado, a contribución económica do Concello do Grove ás obras, con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, é de 110.356,75 € (20%).*

*II. A Deputación de Pontevedra solicitoulle, o 22 de decembro de 2022, á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), unha subvención para a execución das obras obxecto do convenio, ao amparo da segunda convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación e a rehabilitación de contornos saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C18.I2).*

*III. O 28 de abril de 2023 publicouse na páxina web da FEMP a resolución definitiva do secretario xeral da Federación Española de Municipios y Provincias, concedéndolle á Deputación de Pontevedra unha subvención por importe de 551.783,74 € para as obras obxecto do antedito convenio.*

*IV. Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais aprobado polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “As sendas peonís e/ou ciclables serán cofinanciadas ó 80% pola Deputación e ó 20% por cada concello. Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporción, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos.”*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - \*\*\*0694\*\* - Data: 12/06/2023 09:14

Firmado por: \*\*\*4900\*\* MARIA CARMEN SILVA (R: \*\*\*\*0000\*) - Data: 12/06/2023 08:34

Firmado por: CACABELOS RICO JOSE ANTONIO - \*\*\*5190\*\* - Data: 09/06/2023 13:50



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de reformular o financiamento das obras previstas no Convenio e,

#### PACTAN

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Grove para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ao P.Q. 2+550. Concello do Grove”, quedando redactada a cláusula terceira de dito convenio do seguinte xeito:

Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 2023/456.4530.612.02/2022 do Orzamento Provincial na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada pola FEMP.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.

Conforme á Resolución definitiva da FEMP publicada en data 28 de abril de 2023 e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

Organismo	Achega	Porcentaxe (%)
FEMP	551.783,74 €	100%
Deputación de Pontevedra e Concello do Grove	0	0%
Total OBRAS	551.783,74 €	100%

O importe achegado no seu día polo Concello do Grove con cargo ao Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, e non utilizado na financiación deste proxecto (110.356,75 €) debido á subvención da FEMP, poderá destinarse a outra finalidade do Concello, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, conforme ás normas do Plan Concellos 2022/2023.

De modificarse o importe da axuda concedida pola FEMP, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación de Pontevedra e do Concello do Grove do convenio inicialmente asinado. Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea lóxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

Aínda que a obra se presupón finalizada para finais do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio inicial.



*SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 9 de xuño de 2022, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.*

*TERCEIRO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electrónicamente a presente addenda e a un só efecto.*